



# CONCELLO DE ARANGA

A xunta de goberno local, na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2017, procedeu a modificar o prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adjudicación do servizo de axuda no fogar das persoas dependentes do concello de Aranga, do seguinte xeito:

- Engadindo un Anexo V ao dito prego, relativo ao criterio de valoración das "Melloras do servizo":

## "Anexo V.-CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS MELLORAS DO SERVIZO.-"

De conformidade co establecido na base 15ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación do servizo de axuda no fogar das persoas dependentes do concello de Aranga, as "Melloras do servizo" que oferten os licitadores valoráanse ata 15 puntos.

A efectos da ponderación deste criterio valorarásense automaticamente as melloras ofertadas, conforme a seguinte desagregación:

-Oferta de horas gratuítas: máximo cinco puntos. Obterá a máxima puntuación a proposta que conteña maior número de horas sen custo para o concello e 0 puntos a proposición que non oferte horas gratuítas. O resto das ofertas valorarásense de xeito proporcional.

-Oferta de axudas técnicas :máximo cinco puntos. Se valorará o préstamo de axudas técnicas que se poñan a disposición do servizo , considerándose axudas técnicas as grúas de mobilidade, as camas articuladas, as cadeiras de rodas, as cadeiras de ducha-baño , os colchóns antiescaras e os andadores. Non se terán en conta outras axudas técnicas. Por cada unha destas axudas otorgarásense 0,25 puntos , ata un máximo de 5 puntos.

- Oferta de servizos complementarios: máximo cinco puntos. As empresas deberán indicar o número de servizos totais anuais que ofertan, incluíndo como servizos complementarios o servizo de podoloxía, o servizo de fisioterapia, o servizo de transporte adaptado e o servizo de acompañamento. A empresa que oferte maior número de servizos anuais obterá cinco puntos e a empresa que non oferte servizos complementarios 0 puntos, calculándose os restantes de xeito proporcional. Consideráse que un servizo equivale a unha hora da prestación do mesmo."

Segundo: Engadir que a apertura dos sobres B e dos sobres C realizarásense en actos públicos os días e horas que se sinalen no Perfil do contratante e no taboleiro de edictos da casa consistorial.

Terceiro: Engadir que a relación de persoal a subrogar pode sufrir leves variacións no momento da adjudicación do contrato.

Cuarto: Proceder a publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello, abrindo un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais dende o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Aranga, 30 de xuño de 2017

O Alcalde :

Asdo: Alberto Platas Álvarez